

**BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS DE COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO 2018**

**1. FINALIDADE E OBXECTO**

A cooperación ao desenvolvemento, como expresión do principio de solidariedade, ten como finalidade a colaboración cos pobos máis desfavorecidos. O Concello quere por este medio contribuír á consecución da **Axenda de Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS)**, aprobada na Asemblea Xeral de Nacións Unidas en setembro de 2015 e mostrar o seu compromiso coa defensa dos Dereitos Humanos en todo o mundo. A ODS, conformada por 17 obxectivos e 169 metas establecidas para o ano 2030, debe guiar a construción dun mundo máis xusto que dea resposta, dentro e fora das nosas fronteiras, aos retos actuais -como son a pobreza e a desigualdade global, a crise ecolóxica ou os desprazamentos forzosos-, os cales deben ser abordados con urxencia para construír as bases doutro modelo de sociedade global

O Concello de Santiago de Compostela, dende o ano 1999, é socio do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, asumindo o compromiso de aboar anualmente a achega que lle corresponde. Tamén, ese mesmo ano, o Pleno da Corporación na sesión do cinco de marzo expresou a vontade de incrementar as responsabilidades do Concello respecto dos países empobrecidos para aproximarse ó 0,7% do orzamento ordinario recomendado polas Nacións Unidas.

No orzamento municipal do ano 2018 preveuse un crédito orzamentario para cooperación e desenvolvemento de 120.000 € (72.000€ como parte destinada a gasto corrente das subvencións de cooperación e desenvolvemento, e 48.000 € destinados a investimento nas mesmas subvencións), a maiores da cota correspondente ó Fondo Galego de Cooperación, o que permite realizar a tramitación da presente convocatoria pública, para a concesión de subvencións para a realización de proxectos de cooperación ao desenvolvemento, en réxime de concorrencia competitiva.

Estas bases regulan a concesión de subvencións a organizacións non gobernamentais de desenvolvemento (ONGD) para a realización de proxectos concretos de cooperación ó desenvolvemento en países empobrecidos, cuxa relación de gastos coincidan coa relación do artigo 13 destas bases.

Polo tanto, quedan excluídos os axentes de cooperación diferentes das organizacións non gobernamentais para o desenvolvemento, é dicir, empresas, organizacións empresariais, sindicatos, universidades, institucións financeiras, de aforro, formacións políticas e outros axentes sociais e administracións que teñan entre os seus fins a realización de actividades de cooperación para o desenvolvemento.

## **2. CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA DAS SUBVENCIONES**

Esta convocatoria está dotada cun orzamento total de 120.000€, que se financiarán do seguinte xeito: 72.000 € con cargo á partida orzamentaria 020 23103 49001, pertencente ao orzamento municipal para o exercicio económico de 2018, e 48.000 € irán con cargo á partida 020 23103 79.000 do mesmo exercicio económico.

Considerando que resultan elixibles tanto os gastos de investimento como os gastos correntes para poder executar proxectos de cooperación ao desenvolvemento no exterior non é posible coñecer de antemán os importes totais que se van conceder con cargo a cada liña subvencionable, por tanto, as cantidades inicialmente asignadas a cada aplicación orzamentaria terán carácter estimativo, o que permitirá que os créditos non asignados a unha liña de actuación poidan incrementar a dotación financeira da outra liña de actuación, polo que a súa determinación definitiva será a que resulte das resolucións de concesión que se diten ao abeiro desta convocatoria que deberán recoller os importes parciais das subvencions concedidas, clasificados de acordo co orzamento achegado por cada entidade como parte do proxecto que fundamenta a resolución de concesión.

O previsto neste punto requirirá, de ser o caso, a tramitación previa das preceptivas transferencias de crédito consorte o previsto no artigo 14 das Bases de execución do Orzamento de Santiago de Compostela.

O Concello de Santiago poderá financiar ata o 95% do orzamento (do proxecto), sendo a contía máxima da subvención 20.000€ por proxecto.

As achegas do resto de financiadores poden ser achegas valorizadas.

En todo caso a concesión de subvencions estará suxeita á existencia do crédito orzamentario adecuado e suficiente no momento de resolución da concesión.

## **3. RÉXIME XURÍDICO**

O marco normativo polo que se rexerá esta convocatoria de subvencions está constituído polas leis e disposicións que de seguido se detallan e polas súas normas de desenvolvemento, así como por cantas outras normas, legais ou regulamentarias, conteñan prescricions relativas ás convocatorias de subvencions ou sexan susceptibles de producir efectos no devandito ámbito:

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencions e o real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

## ***BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS DE COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO 2018***

- Real D.L. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.
- Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento
- Decreto 29/2017, do 9 de marzo, de cooperación para o desenvolvemento
- Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.
- Lei galega 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.
- IV Plan Director da Cooperación Galega (2018-2021).
- Bases de execución do orzamento de 2018, do Concello de Santiago.

### **4. REQUISITOS XERAIS DOS PROXECTOS**

a) O proxecto debe contar con contrapartes ou socios locais que participen responsablemente na execución material e na xestión dos recursos, constando expresamente o seu compromiso de colaboración. Non terán a consideración de contrapartes ou socios locais as delegacións de entidades españolas distintas da entidade solicitante, aínda que estean legalizadas no país de execución do proxecto.

b) Que as accións non teñan como obxectivo a substitución do Estado na prestación de servizos públicos de saúde, a educación regulada ou a investigación oficial.

c) O proxecto debe redundar na ampliación das capacidades e as liberdades das poboacións beneficiarias. É dicir, debe contar coa participación das persoas beneficiarias no desenvolvemento do mesmo, non incorrendo en ningún caso na discriminación por razón de cultura, raza, xénero, relixión ou orixe, e fomentando a igualdade entre homes e mulleres e o respecto e protección do medio.

d) O proxecto debe ter unha repercusión práctica e cuantificable na satisfacción das necesidades básicas e os intereses estratéxicos da poboación das zonas máis desfavorecidas do país no que se execute, atendendo, de xeito prioritario, ás diferenzas derivadas das brechas de xénero e que sexa respectuoso cos obxectivos de desenvolvemento do país, da zona onde se leve a cabo a acción e das comunidades beneficiarias.

e) O proxecto debe axustarse tanto á realidade como á capacidade de xestión da entidade solicitante e á da súa contraparte, co fin de asegurar a súa viabilidade.

### **5. PRIORIDADES DE CONCESIÓN**

Para a concesión destas subvencións considéranse prioritarios aqueles proxectos de cooperación ao desenvolvemento, con accións encadradas dentro dalgún dos seguintes supostos:

a) Que se trate de proxectos a desenvolver nalgúns dos países considerados xeograficamente prioritarios. Considéranse áreas xeográficas prioritarias aquelas contidas no *IV Plan Director de Cooperación Galega 2018-2021* co obxectivo de garantir unha maior concentración dos recursos da cooperación galega, aproveitar as vantaxes comparativas da cooperación galega e crear sinerxías con outros actores do sistema galego e español de cooperación ao desenvolvemento:

- África: Cabo Verde, Mozambique e Guinea Bissau
- América do Sur: Bolivia, Ecuador, Perú,
- América Central: El Salvador, Guatemala, Honduras, Nicaragua
- Caribe: República Dominicana

Así mesmo, terán a consideración de países prioritarios:

- Aqueles onde a cooperación galega ten xerado capacidades na atención a poboacións refuxiadas e desprazadas e países afectados por conflitos ou crises humanitarias como son a poboación Saharauí, territorios palestinos, Haití, ou outros cuxo contexto xustifique a intervención.
- Aqueles países nos que a cooperación galega, e particularmente as entidades beneficiarias, teñan demostrada ampla experiencia de traballo, como poden ser nomeadamente India ou os países lusófonos.
- Os Países menos adiantado (PMA) ou cun Índice de desenvolvemento humano (IDH) baixo recibirán mesma valoración que os prioritarios. por seren países que precisan dunha especial atención por parte de toda a comunidade internacional.

b) Que se trate dun dos ámbitos estratéxicos marcados polo *IV Plan Director de Cooperación Galega 2018-2021*, excluindo neste caso o ámbito relativo á educación para a cidadanía global. Serán entón ámbitos estratéxicos prioritarios :

- Promover o exercicio dos dereitos sociais básicos (saúde, educación, alimentación, hábitat e auga e saneamento básico) polas persoas e colectivos máis pobres e vulnerables.
- Apoiar a agricultura, a pesca e a acuicultura sostibles, preservando os recursos naturais no marco de modelos de desenvolvemento rural e territorial integrados, inclusivos, solidarios e redistributivos para unha prosperidade compartida.
- Impulsar a equidade de xénero e máis o empoderamento e o exercicio de dereitos das mulleres e da infancia

*BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS DE COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO 2018*

- Paliar e reducir a vulnerabilidade respondendo ás crises humanitarias con eficacia e calidade. Enténdense por proxectos de acción humanitaria, consonte a iniciativa da boa doazón humanitaria (GHD, nas súas siglas en inglés), aqueles destinados a salvar vidas, aliviar o sufrimento e manter a dignidade humana durante e despois das crises –provocadas por seres humanos ou por desastres naturais–, así como os destinados á prevención e reforzo da capacidade de resposta para cando se produzan estas situacións. A acción humanitaria debe guiarse polos principios de humanidade, imparcialidade, neutralidade e independencia.
- c) Todas as actuacións da Cooperación Galega deberán incorporar as seguintes prioridades transversais incluídas no IV Plan director da cooperación galega para o desenvolvemento 2018-2021:
1. A erradicación da pobreza multidimensional. A erradicación da pobreza en todas as súas dimensións, en todos os lugares e na xeración actual e futura constitúe a principal arela, centro da política pública de cooperación e da Axenda 2030 para o desenvolvemento sostible, e deberá operar como a prioridade e o horizonte do conxunto das actividades da cooperación galega.
  2. A equidade de xénero. Incorporarase de forma sistemática a perspectiva de xénero en desenvolvemento en todas as actuacións e instrumentos da cooperación galega, para a promoción dunha cultura de igualdade e o cumprimento dos dereitos políticos, económicos, laborais, sociais e culturais das mulleres e nenas, así como dos seus dereitos sexuais e reprodutivos. Polo tanto, deberanse abordar as causas estruturais e analizar as relacións de poder entre homes e mulleres e os procesos sociais que dan lugar ás desigualdades de xénero, deseñar medidas para palialas, e construír a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres. Ademais, será crucial integrar diagnósticos de xénero na identificación das intervencións e a necesidade de considerar o impacto diferenciado que as intervencións poden ter sobre as mulleres e homes, así como nas relacións entre ambos, fortalecer as alianzas e o apoio a institucións e organizacións que promovan a cultura de igualdade, o empoderamento de mulleres e nenas e o enfoque integral de masculinidades, así como a eliminación de todas as formas de discriminación e violencia contra as mulleres.
  3. A defensa da sostenibilidade ambiental e a loita contra o cambio climático. As actuacións da cooperación galega integrarán medidas que apoién modelos de desenvolvemento baixo en carbono, de economía circular e resilientes ao cambio climático. Para logralo, empregaranse índices ambientais, realizaranse diagnósticos ambientais, fomentaranse as tecnoloxías apropiadas e as enerxías limpas e

renovables, e promoveranse o comercio xusto, o consumo responsable e as compras de bens e a utilización de servizos acreditados con certificacións ou selos que garantan o cumprimento de determinados criterios de sostenibilidade e xustiza ambiental e social.

4. O enfoque baseado en dereitos humanos. A través das súas actuacións, a cooperación galega promoverá a realización dos dereitos humanos e do dereito ao desenvolvemento humano sostible, e impulsará o empoderamento de todas as persoas para a reivindicación e exercicio pleno do seus dereitos, a participación política e a non discriminación, de tal xeito que as persoas que participen nos proxectos da cooperación galega sexan recoñecidos como titulares de dereitos e liberdades. Ademais, contribuirá a que as persoas e institucións titulares de obrigas melloren as súas capacidades para o cumprimento das súas responsabilidades.

5. O respecto pola diversidade cultural e a promoción da interculturalidade. Galicia, como pobo cunha cultura e identidade propia, promove que outros pobos, comunidades e minorías culturais poidan dar a coñecer en liberdade as súas respectivas identidades culturais. Ao tempo, os axentes e actores de cooperación promoverán nas súas actuacións o respecto da diversidade cultural, a protección do patrimonio material e inmaterial, e o fomento do diálogo e convivencia intercultural. Estas medidas contribúen á realización dos dereitos humanos, garanten a liberdade cultural, atenden á realidade das migracións internacionais e da mobilidade humana, e limitan o alcance dos problemas asociados ao racismo ou á xenofobia, mingando as posibilidades de exclusión, discriminación, marxinação ou persecución das persoas e minorías en función da súa identidade cultural, lingüística, relixiosa ou sexual. Tomaranse en consideración, logo, as realidades culturais dos lugares onde se actúa, integrando estes diagnósticos na identificación, deseño e formulación das actuacións, así como no seguimento e avaliación dos proxectos.

6. A equidade e a loita contra as desigualdades. As actuacións da cooperación galega promoverán un desenvolvemento con equidade e unha diminución das desigualdades a través da promoción dos dereitos, oportunidades, opcións e dignidade das persoas. Polo tanto, ampliaranse as oportunidades das persoas para acadar un desenvolvemento equitativo, reduciranse as desigualdades promovendo o recoñecemento social e legal de dereitos e o exercicio de poder, e apoiaranse medidas e políticas públicas redistributivas e sistemas e mecanismos de cohesión social.

7. A participación cidadá e fortalecemento institucional e da sociedade civil. A cooperación galega fomentará a participación efectiva, real e equitativa das persoas, colectivos, comunidades e institucións de tal xeito que sexan suxeitos e protagonistas dos procesos que acompañan os actores e axentes galegos de cooperación, creando

**BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONES DE COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO 2018**

tecido social, fortalecendo as institucións para a gobernanza democrática, a transparencia e a rendición de contas, xerando conciencia crítica e compromiso cos bens comúns e os bens públicos. Ao tempo, xerarase coñecemento colectivo, fomentaranse capacidades e habilidades para participar nos procesos de decisión colectiva, reforzaranse a sociedade civil e contribuírse a unha cidadanía activa que exerza o seu dereito de control dos poderes públicos, apoiando a organización da sociedade civil e a mellora da participación cidadá. Ademais, implantarase un enfoque de construción de resiliencia, entendida como a capacidade das persoas, comunidades ou entidades para anticiparse e prever ameazas, acontecementos adversos de todo tipo ou desastres, afrontalos, recuperarse deles e adaptarse e volver prosperar tras da crise. Este enfoque de resiliencia tende a reforzar as capacidades dos grupos máis vulnerables ante os riscos que poidan xurdir a nivel ambiental, económico, social e político. Procúrase, logo, que, ante circunstancias adversas, as comunidades consigan manter e reforzar os seus medios de vida e a súa organización colectiva. Unha sociedade resiliente absorbe o impacto inicial da crise, recupérase máis rapidamente dos seus efectos e pon en marcha mecanismos que permiten unha redución do dano e dos impactos negativos dunha crise posterior.

- d) *Que se trate de proxectos de ONGD con sede central, domicilio social ou delegación permanente no concello de Santiago de Compostela.*
- e) *É necesario que os proxectos dean participación á poboación beneficiaria. Valorarase, por tanto, a participación dos beneficiarios/as na proposición, execución e xestión do proxecto e a existencia de antecedentes de colaboración en proxectos entre a organización executora e a poboación beneficiaria.*
- f) *Os proxectos deberán ser promovidos en colaboración cos grupos ou asociacións locais (contrapartes e socios locais) que ofrezan garantías suficientes de que os obxectivos establecidos van alcanzarse e que participen responsablemente na execución material do proxecto e na xestión dos recursos, constandingo expresamente o seu compromiso no proxecto. Valorarase tamén a existencia de antecedentes de colaboración entre a ONGD e a contraparte.*
- g) *As accións non poden ter como obxectivo a substitución do Estado na prestación de servizo públicos. Senón ao contrario, é necesario e valorarase que o proxecto se aliñe coas estratexias públicas e obxectivos de desenvolvemento do país socio, co fin de garantir a súa adecuación e sostenibilidade.*
- h) *Que a acción sexa continuación dun proxecto ou programa de actuación nunha mesma zona, das xeograficamente prioritarias.*

- i) *Que o proxecto inclúa a equidade de xénero como forma de traballo impulsando a autonomía e o poder de decisión das mulleres así como a sensibilización dos homes na igualdade de xénero*

## **6. ENTIDADES BENEFICIARIAS**

Poderán solicitar axudas para a realización de proxectos de cooperación ao desenvolvemento **as organizacións non gobernamentais de desenvolvemento que reúnan os seguintes requisitos:**

- Estar legalmente constituídas e inscritas no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o desenvolvemento creado pola Xunta de Galicia en virtude do Decreto 326/2004, do 29 de decembro, polo que se regulan os órganos de coordinación e asesoramento en materia de cooperación ao desenvolvemento e polo que se crea o Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o desenvolvemento, modificado polo Decreto 90/2011, do 5 de maio.
- Acreditar unha experiencia mínima de 2 anos no ámbito territorial de actuación para o que se solicita o proxecto.
- Carecer de ánimo de lucro e non depender economicamente ou institucionalmente de entidades lucrativas.
- Ter entre os seus fins institucionais expresos, segundo os seus propios estatutos, a realización de actividades relacionadas coa cooperación ao desenvolvemento e o fomento da solidariedade entre os pobos, cooperación social ou actividades similares.
- Dispor de estrutura necesaria para garantir o cumprimento dos seus obxectivos e acreditar unha experiencia mínima de catro anos realizando proxectos coa consecuente capacidade operativa para isto.
- Ter xustificado en prazo as subvencións outorgadas en convocatorias anteriores polo Excmo. Concello de Santiago en materia de cooperación ao desenvolvemento, estar ao corrente do pago das obrigas por reintegro de subvencións e non ter sido sancionado mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións.
- Estar ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Delegación de Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia, coa Tesourería Territorial da Seguridade Social e co Concello de Santiago, respectivamente.

***BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS DE COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO 2018***

- Non estar incurso en prohibición para obter a condición de beneficiario/a da subvención de conformidade co artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Presentar un proxecto que sexa tecnicamente viable.
- Ter sede, domicilio social ou delegación permanente na Comunidade Autónoma de Galicia e manter a entidade aberta durante a execución do proxecto e ata 1 ano despois da súa finalización. Entenderase por delegación permanente aquela que conte con persoal permanente da organización e local fixo onde realicen as súas actividades. Se ten sede, domicilio social ou delegación permanente no termo municipal de Santiago, nas mesmas condicións establecidas para o caso da Comunidade Autónoma neste punto, será esta delegación local a que asumirá a responsabilidade directa na presentación da solicitude e comprometerase ao mantemento da documentación, á contabilidade e coxestión do proxecto. En todo caso, especificarase claramente na solicitude.
- Compromiso de colaborar e participar, se fora requirido para elo, coa Concellaría de Políticas Sociais, Diversidades e Saúde, nun acto público de presentación dos proxectos subvencionados.

## **7. SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN**

As solicitudes de subvención, conforme ao formulario incluído como Anexo 1, presentaranse por duplicado (unha en formato papel e outra en formato dixital) no Rexistro Xeral do Concello (rúa do Presidente Salvador Allende, 2-4. Horario de verán: de 09:00 a 13:00 horas) ou nos órganos sinalados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas

Dito Anexo 1 deberá presentarse debidamente cumprimentado, marcando obrigatoriamente cun aspa todas as declaracións e autorizacións nel contidas e achegando a seguinte documentación, que deberá estar plenamente actualizada e en calquera dos idiomas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia –se a documentación correspondente á contraparte local figura nun idioma distinto deberá achegarse a súa tradución.

A solicitude implicará a autorización ao Concello de Santiago de Compostela para que realicen as actuacións de comprobación que cumpran para verificar a información facilitada polas persoas solicitantes, a concorrencia dos requisitos esixidos e o cumprimento das obrigas da persoa beneficiaria derivadas da concesión.

## DOCUMENTACIÓN:

- a) Solicitud segundo modelo adxunto
- b) Fotocopia do DNI da persoa que asina a solicitude e documento acreditativo da representación que ostenta para actuar en nome da entidade.
- c) Copia do código de identificación fiscal da entidade.
- d) Copia dos estatutos da entidade onde conste explicitamente a inexistencia de ánimo de lucro da entidade.
- e) Acreditación de estar inscrito no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento da Xunta de Galicia.
- f) Declaración responsable, segundo o modelo que figura no Anexo 2 destas bases, acreditativa de:
  - As subvencións ou axudas solicitadas ou percibidas pola entidade solicitante por parte doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para o financiamento da actividade para a que se solicita a subvención.
  
  - Non estar inhabilitada ou incurso en prohibición para obter a condición de beneficiaria de subvencións, de conformidade co establecido no artigo 10 da Lei 4/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia nin do artigo 13 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.
  
  - Estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á Axencia Estatal da Administración Tributaria, Tesourería Territorial da Seguridade Social, Facenda Autonómica e Concello de Santiago respectivamente.
- g) Proxecto concreto de actuación que se formulará de acordo co estipulado nas bases (Anexo 3)
- h) Declaración na que conste o compromiso de achegar o 5%, directamente ou por financiamento de terceiros, do custo total do proxecto (Anexo 1).
- h) Certificación bancaria acreditativa do número de conta e da titularidade da mesma onde se desexa que se ingrese o importe da subvención.
- i) Certificación acreditativa de que dispón de sede central, domicilio social ou delegación permanente na Comunidade Autónoma de Galicia, e no termo municipal de Santiago se é o caso, e compromiso de mantela aberta durante ao menos 1 ano despois da finalización do proxecto.
- l) Carta de compromiso de participación no proxecto por parte dos parceiros locais, asinada pola persoa que desempeña a representación legal da entidade.

***BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS DE COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO 2018***

m) Calquera outra documentación que se considere necesaria.

As Entidades que presentaran a documentación en convocatorias anteriores, sempre que non houbera transcorrido máis de 5 anos, quedan eximidas de presentar os apartados c) d) e e) e no seu lugar presentará unha certificación na que conste que os Estatutos non foron modificados e que continúan inscritas no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento da Xunta de Galicia.

O órgano xestor do expediente poderá recabar da entidade solicitante, canta documentación e información complementaria estimen necesarias para a adecuada valoración e resolución do expediente, estando o solicitante obrigado a súa presentación.

#### **8. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

As solicitudes presentaranse no prazo de **20 días hábiles**, contados a partir do día seguinte á publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

#### **9. SUBSANACIÓN E MELLORA DAS SOLICITUDES**

Se a solicitude presentada pola entidade interesada non reúne os requisitos establecidos nestas bases e/ou non achega a documentación indicada ou está incompleta e/ou ten algún defecto, requiriráselle para que **no prazo máximo e improrrogable de dez días hábiles** a achegue, complete e/ou emende as deficiencias observadas; indicándolle que, de non facelo, entenderase que desiste da súa solicitude e se procederá ao seu arquivo, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 68 da Lei 39/2015 de 1 de Outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A non presentación do proxecto coa solicitude no prazo inicial establecido para a presentación de solicitudes non poderá ser subsanada, aínda que si que se poderá requirir ás entidades a corrección dalgún defecto que se poida detectar en calquera dos proxectos presentados xunto coa solicitude en prazo.

#### **10. INCOMPATIBILIDADES**

A presentación, por parte de cada unha das ONGD, de máis dun proxecto no exercicio económico vixente determinará a súa eliminación do proceso de concorrencia competitiva de xeito automático.

#### **11. PROCEDEMENTO**

O procedemento para a concesión das subvencións previstas nestas bases axustarase ao establecido nos artigos 20,21,22,23 e 24 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de

Galicia concordantes cos 23,24,25 e 26 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, coas seguintes especificacións:

**1) Órgano instructor:**

A Concellaría de Políticas Sociais, Diversidades e Saúde será o órgano competente para a instrución do procedemento, que deberá verificar o cumprimento das condicións impostas nestas bases para adquirir a condición de beneficiaria , e fará constar que da información que obra no seu poder se desprende que as entidades beneficiarias cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

É función do órgano instructor Informar as solicitudes presentadas. Dito órgano realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución e, dará traslado aos membros da Comisión de Avaliación de Actividades de Desenvolvemento que os expedientes están preparados para que poidan examinalos, así como comunicarlles o día e a hora de celebración da reunión da Comisión Avaliadora mencionada para a súa asistencia; tamén dará traslado ás entidades que forman parte da Comisión de Avaliación, aos efectos de que designen as persoas representantes.

Á vista do expediente e do informe da Comisión Avaliadora, emitirá o seu informe no que se concretará o resultado da avaliación efectuada, ao abeiro dos criterios fixados na base desta convocatoria. Rematada a instrución do procedemento, o expediente remitiráselle á Comisión Avaliadora.

Por último, unha vez levantada a acta da reunión da Comisión de Avaliación de Actividades de Desenvolvemento, que incluírá unha proposta de avaliación non vinculante, o órgano instructor elaborará a correspondente proposta de resolución que lle será remitida á Xunta de Goberno Local aos efectos de aprobación do gasto e adxudicación da subvención.

**2) Comisión de Avaliación de Actividades de Desenvolvemento:**

a. Composición:

**PRESIDENTE/A:**

- O/A Concelleiro/a Delegado/a de Políticas Sociais, Diversidades e Saúde.

**VOGAIS:**

- Un/unha representante de cada un dos grupos políticos con representación no Concello.
- A xefa do servizo da área de Acción Social

***BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS DE COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO 2018***

- Un/unha técnico/a da Concellaría de Políticas Sociais, Diversidades e Saúde nomeado/a polo/a titular da devandita Concellaría.
- Un/unha representante da Coordinadora Galega de ONGD
- Un/unha representante da Xunta de Galicia
- Un/unha representante da Universidade de Santiago de Compostela
- Un/unha técnico/a do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade

**SECRETARIO:**

- Un/unha funcionario/a administrativo/a da Área de Acción Social

b. Funcións:

A avaliación das solicitudes, realizando o estudo, seguimento e avaliación dos proxectos presentados e aplicando os criterios e coeficientes recollidos no punto 11 destas bases. Para dita avaliación ás ONGD solicitantes poderá pedírselles as aclaracións que se estimen necesarias. Ademais, a comisión, para unha mellor valoración dos proxectos e con anterioridade a ditarse a proposta de resolución, poderá recadar os informes técnicos que se consideren oportunos. Os devanditos informes, que en ningún caso serán vinculantes, de encargárense, terán que ser realizados por persoas expertas independentes non vinculadas a ningún dos axentes de cooperación.

O/A secretario/a da Comisión de Avaliación levantará acta da reunión que incluírá unha proposta de avaliación non vinculante.

**3) Proposta de resolución e órgano competente para resolver:**

Unha vez superada a fase de avaliación, establecerase unha listaxe coas puntuacións obtidas en orde descendente para cada un dos proxectos presentados. O órgano instructor formulará unha proposta de resolución para financiar por orde de puntuación todos aqueles proxectos que sexa posible.

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a concesión de subvencións, e ditará resolución motivada segundo o disposto nestas bases e consonte coa antedita proposta de resolución. O seu acordo porá fin á vía administrativa e notificaráselle ás entidades solicitantes na forma prevista no artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015 de 1 de outubro de Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; contra ela as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de reposición ante o mesmo órgano ou ben, alternativamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-Administrativo.

**4) Prazo para resolver:**

O prazo máximo para a resolución e notificación non poderá exceder de 5 **meses** dende a publicación da convocatoria. Transcorrido o dito prazo sen terse notificado a resolución expresa poderase entender desestimada por silencio administrativo.

Procederase á publicación da concesión das subvencións outorgadas na páxina web do Concello de Santiago. Tamén do listado de proxectos presentados clasificados por orde descendente de acordo a puntuación acadada por cada un deles.

## 12. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A avaliación dos proxectos rexerese polos criterios que se citan a continuación:

Para poder optar á subvención, ás entidades solicitantes deberán acabar unha valoración mínima do 50% nos apartados 1) Entidade Solicitante e 3) Calidade do proxecto.

### 1) ENTIDADE SOLICITANTE: MÁXIMO 25 PUNTOS

CRITERIO	PUNTOS
<p>Capacidade de execución do proxecto por parte da entidade e da súa contraparte</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Experiencia no eido da cooperación: 1 punto por cada proxecto, ata un máximo de 5 puntos)</li> <li>▪ Capacidade de xestión: 1-2 empregados/as con experiencia acreditada: 2 puntos; 3-4 empregados/as con experiencia acreditada: 3 puntos; máis de 4 empregados/as con experiencia acreditada: 5 puntos.</li> </ul>	Máximo 10 puntos
<p>Experiencia na zona/país dos considerados no punto 4 a) xeograficamente prioritario ( 2puntos) e no sector de traballo do punto 4b) (2 puntos) tanto por parte da entidade solicitante como por parte da contraparte. Experiencia de traballo conxunto entre a ONGD e a súa contraparte. No caso da contraparte valorarase tamén a implicación desta na comunidade beneficiaria ( 2 puntos)</p>	Máximo 6 puntos
<p>Experiencia de traballo en rede e pertenza a plataformas da ONGD solicitante (2) e da contraparte no país beneficiario (2)</p>	Máximo 4 puntos
<p>Presenza da entidade no Concello de Santiago de Compostela, coa localización dunha sede (3 puntos) ou delegación permanente (2 puntos).</p>	Máximo 3 puntos
<p>Achega financeira da ONGD e/ou da contraparte local:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ De entre o 5% e o 20% do total do proxecto (1 punto)</li> <li>▪ Superior ao 20% do total do proxecto (2 puntos)</li> </ul>	Máximo 2 puntos

**BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONES  
DE COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO 2018**

--	--

**2) ADECUACIÓN A PRIORIDADES: MÁXIMO 25 PUNTOS**

<b>CRITERIO</b>	<b>PUNTOS</b>
Que se trate dun dos sectores prioritarios marcados polo IV Plan Director de Cooperación Galega (3 puntos), con especial atención á promoción do exercicio dos dereitos sociais básicos (saúde, educación, alimentación, hábitat e auga e saneamento básico) polas persoas e colectivos máis pobres e vulnerables e ao impulso a equidade de xénero e máis o empoderamento e o exercicio de dereitos das mulleres e da infancia	Máximo 6 puntos.
Que se trate de proxectos a desenvolver nalgún dos países considerados xeograficamente prioritarios no punto 4.a) destas bases.	Máximo 6 puntos
Quer realicen unha descrición precisa das persoas beneficiarias, explicando claramente os criterios de selección. Que dean participación á poboación beneficiaria dende a súa elaboración e deseño ata a súa execución e avaliación. Valorarase a participación persoas beneficiarias na proposición, execución e xestión do proxecto. Valorarase a existencia de antecedentes de colaboración en proxectos entre a organización executora e a poboación beneficiaria	Máximo 5 puntos
Que incorporen as prioridades transversais da cooperación galega do IV Plan director da cooperación galega para o desenvolvemento 2018-2021	Máximo 3 puntos
Que o proxecto inclúa medidas cara a promoción da igualdade de xénero e a abordaxe de problemáticas específicas das mulleres e que incorpore a transversalidade de xénero na metodoloxía de traballo.	Máximo 3 puntos
Que a acción sexa continuación dun proxecto ou programa de actuación nunha mesma zona, das xeograficamente prioritarias. <i>Que a acción se aliñe coas estratexias públicas e obxectivos de desenvolvemento do país socio.</i>	Máximo 2 puntos

**3) CALIDADE DA PROPOSTA: MÁXIMO 35 PUNTOS**

<b>CRITERIO</b>	<b>PUNTOS</b>
Que contén cun rigoroso detalle orzamentario e garantías de viabilidade	Máximo 5 puntos

económica.	
Viabilidade técnica, social, ambiental da acción a realizar	Máximo 5 puntos
Información sobre a pertinencia do proxecto no seu contexto social, económico, cultural, etc. Antecedentes e xustificación do mesmo. Atendendo especialmente á situación de desigualdades das mulleres.	Máximo 5 puntos
Sostenibilidade do proxecto unha vez executada a acción subvencionada nos seus aspectos, sociais, ambientais, económicos etc .	Máximo 4 puntos
Claridade e coherencia de obxectivos e da metodoloxía e actividades propostas para acadalos e dar resposta á problemática detectada.	Máximo 4 puntos
Que contén cunha estratexia clara de difusión da execución e do seguimento do proxecto en Galicia	Máximo 3 puntos
A especificación de indicadores que midan os resultados e a efectividade do sistema de verificación dos mesmos.	Máximo 3 puntos
A relación do custe cos resultados e o número de persoas beneficiarias	Máximo 2 puntos
Mecanismos de seguimento e avaliacións previstos:	Máximo 2 puntos
Emprego da lingua galega e dunha linguaxe inclusiva na redacción do proxecto	Máximo 2 puntos

### 13. GASTOS SUBVENCIONABLES

1. Serán gastos subvencionables os custos directos e os custos indirectos do proxecto

2. Entenderanse por **custos directos** aqueles que son imprescindibles para a posta en marcha do proxecto, vinculados á execución da intervención e que financian a consecución dos obxectivos.

a) Terreos e inmobles no país de execución do proxecto (inclúe compra ou aluguer). No suposto de adquisición de bens inmobles, inclúe os gastos necesarios para a compra de terreos e inmobles e a súa inscrición legal nos rexistros locais de propiedade (impostos, taxas, gastos notariais, licenzas legais, etc.). Debe achegarse un certificado de tasador/a independente debidamente acreditado/a e inscrito/a no correspondente rexistro oficial. Non se imputarán nesta partida os gastos de aluguer ou adquisición da vivenda do persoal

*BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS DE COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO 2018*

expatriado nin dos locais ou sedes da entidade beneficiaria ou socio local. O aluguer dos locais da entidade beneficiaria en terreo ou do socio local imputaranse na partida de funcionamento.

b) Construción e/ou reforma de inmobles e infraestruturas: inclúe elaboración do proxecto, planos e estudos técnicos, man de obra, dirección de obra, licenza de obras e taxas, materiais de construción e transporte dos mesmos, obras de acceso e instalacións de auga, eléctricas e de saneamento, construción de pozos e sistemas de regadíos, etc. No caso de que a man de obra ligada a estas tarefas sexa achegada pola contraparte local ou a poboación beneficiaria, só se aceptará a súa valoración de estar acreditada de xeito suficiente a prezos de mercado local. Nos gastos imputados á construción de inmobles deberá especificarse o réxime de propiedade e a titularidade. Non se imputarán gastos por reformas ou reparacións na vivenda do persoal expatriado nin en locais ou sedes da entidade beneficiaria ou contraparte local.

c) Equipamentos e materiais. Considerarase equipamento e materiais inventariables a adquisición de elementos de inmovilizado, distintos a terreos e edificios, afectos á actividade subvencionada, como maquinaria, mobiliario, equipamentos informáticos (hardware e software), dotación de bibliotecas e outro equipamento. Nese concepto inclúense os gastos derivados do envío, traslado e posta en funcionamento dos equipamentos, taxas aduaneiras ou portuarias, etc. Así mesmo, no caso de proxectos produtivos inclúese tamén a adquisición de animais, árbores, sementes etc., o seu transporte e almacenamento. Considéranse materiais consumibles aos gastos consumibles en prazos inferiores a un ano: material de escritorio, material informático, material de formación, libros, materiais didácticos, materiais sanitarios, reprografía e imprenta, reparacións e mantemento de maquinaria, utensilios, etc. Tamén se inclúen o aluguer de maquinaria, instalacións e ferramentas necesarias para a execución da intervención.

d) Adquisición de medios de transporte de dúas rodas e de vehículos especializados e vinculados coa actividade subvencionada (como ambulancias, cisternas de auga, tractores, etc).

e) Persoal. Para os efectos desta convocatoria entenderase:

1. Persoal expatriado: aquel persoal da entidade española sometido á lexislación española, que presta os seus servizos no país onde se executa a intervención obxecto da subvención e cuxas funcións e tarefas están directamente relacionadas con aquela. Para o envío de persoas expatriadas achegarase unha memoria xustificativa da necesidade do devandito envío e marcaranse os criterios de aptitude e cualificación requiridos para a correcta realización da acción, a duración e a descrición de tarefas.

2. Persoal local: aquel persoal da contraparte ou socio local ou contratado ao servizo do proxecto sometido á lexislación laboral do país onde se executa a intervención obxecto de subvención e no que presta os seus servizos, de acordo co réxime laboral correspondente as súas funcións e desempeño, estando as súas funcións e tarefas directamente relacionadas coa intervención. Deberá acreditarse documentalmente o salario medio para ese tipo de contrato no país ou zona onde se execute o proxecto.

3. Persoal en sede: aquel da entidade en Galicia sometido á lexislación española, que presta os seus servizos en Galicia, con independencia de que por razón das súas funcións teña que desprazarse, ocasional ou regularmente, aos países de execución, e cuxas funcións e tarefas están imputadas á posta en execución e seguimento da intervención obxecto da subvención. En todos os casos a imputación poderá ser total ou parcial en función da dedicación. A entidade solicitante deberá recorrer na medida do posible aos recursos humanos locais.

4. Os gastos de persoal subvencionables poderán incluír salarios, seguros sociais a cargo da entidade do persoal afecto á intervención, finiquitos (en proporción aos meses de imputación ao proxecto) así como calquera outro seguro que se subscriba a nome do persoal ou da súa familia en primeiro grao. No caso de imputar como gasto as pagas extras, estas deberán computarse en proporción aos meses que o persoal está imputado ao proxecto. O importe máximo aplicable por este concepto non poderá superar o 70 % do orzamento total do proxecto.

f) Servizos técnicos e profesionais requiridos para a realización de capacitacións, seminarios, diagnósticos, informes, publicacións, elaboración das liñas de base, control de xestión ou outras necesidades contempladas na formulación da intervención. Inclúense, como achega das entidades solicitantes, os aportes valorizados do traballo do seu persoal voluntario para realizar os servizos previstos nesta partida. Tamén se inclúen os gastos derivados de pólizas de seguros de accidente, enfermidade e de responsabilidade civil subscritos a favor do voluntariado da organización que non perciban contraprestación económica e que participen directamente nos proxectos subvencionados e calquera outro gasto no que puidesen incurrir e que estea directamente relacionado coa intervención. As bolsas de formación que consistan no pago da matrícula ou entrega monetaria inclúense neste punto. As bolsas de transporte, alimentación ou material inclúense na epígrafe que corresponda segundo o obxecto da bolsa.

g) Funcionamento no terreo: gastos correntes de funcionamento acaecidos no país de execución e ligados á execución do proxecto. Inclúese o aluguer de oficinas, electricidade, auga, comunicacións, papelería ou outros gastos de oficina, limpeza, mantemento e seguridade (incluídos gastos de persoal vinculados a estas actividades), e gastos bancarios producidos pola conta do proxecto e os derivados das transferencias bancarias dos fondos ao país de execución do proxecto, ata un máximo do 10 % do orzamento total do proxecto.

*BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS DE COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO 2018*

h) Viaxes, aloxamento e axudas de custo. Inclúense, entre outros, os gastos vinculados á mobilidade individual ou colectiva do persoal (local, expatriado e en sede), dos/as voluntarios/as e das persoas beneficiarias, necesarios para a execución da intervención (incluíndo combustible, seguros, aluguer e mantemento de vehículos), así como o aloxamento, manutención dos e das participantes en formacións e capacitacións e, de ser necesarios, os incentivos (monetarios e en especie) ás persoas beneficiarias dos proxectos que sexan membros de comités, redes ou similares, necesarios para a boa execución do proxecto.

i) Fondo rotatorio: enténdese por tal a cantidade económica que se emprega como empréstitos directos ou en especie ás persoas beneficiarias, que deben ser devoltos por elas nas condicións contractuais que se establezan, destinadas a garantir a súa devolución. Achegárase, en todo caso, o regulamento do funcionamento do fondo. Inclúense os gastos de funcionamento, administración e xestión do fondo.

j) Os gastos de asesoría xurídica ou financeira e os gastos rexistrados e periciais para a realización do proxecto son subvencionables sempre que estean directamente relacionados coa actividade subvencionada e sexan indispensables para a axeitada preparación ou execución desta e sempre que non deriven de malas prácticas ou incumprimentos legais. Os gastos derivados da compulsa de documentos por parte de notarios, autoridades locais ou servizos consulares españois e os gastos de tradución de documentos cando se require na convocatoria.

k) Os gastos de difusión da execución e do seguimento do proxecto en Galicia. Inclúense entre outros, os gastos de publicidade, información, difusión, propaganda e reunións directamente relacionadas co proxecto.

**3. Custos indirectos:** son os gastos propios do funcionamento regular da entidade solicitante e da contraparte ou socio local para o sostemento da execución do proxecto. A porcentaxe máxima aplicable a este concepto será de ata o 10 % do importe total do orzamento do proxecto. Estes gastos imputaranse pola entidade beneficiaria á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda, de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente aceptadas e, en todo caso, na medida en que tales importes correspondan ao período en que efectivamente se realiza a actividade. O dito gasto imputarase dentro do período de execución da intervención e será acreditado ante o Concello de Santiago de Compostela pola entidade solicitante mediante unha declaración responsable da persoa que ostente a representación legal.

4. Ademais das achegas monetarias, por parte da entidade solicitante, en calquera dos conceptos de gasto mencionados anteriormente, aceptaranse tamén as achegas en especie ou as valorizacións nos seguintes conceptos:

a) Aqueles derivados da identificación con perspectiva de xénero da intervención no terreo, sempre que se realicen no prazo dos tres meses anteriores á data de presentación de solicitudes desta convocatoria. Así mesmo, aqueles gastos derivados da elaboración de liñas de base, sempre que se realicen no prazo dos tres primeiros meses de execución do proxecto.

b) Persoal voluntario: deberase presentar unha estimación xustificada das horas de traballo voluntario que se aportan en cada actividade e o custo suposto (que non deberá exceder de 20 euros por hora). Todo traballo voluntario realizarase baixo a forma de contrato privado, no que se especifiquen as responsabilidades (deberes e dereitos) de cada unha das partes, destacando o papel do/a voluntario/a no proxecto. No contrato debe constar o nome, apelidos e DNI da persoa voluntaria.

5. Como achegas locais pódense aceptar, en concepto de gastos susceptibles de axuda, valorizacións, sempre que estean suficientemente acreditadas e intrinsecamente vinculadas, de maneira exclusiva ou proporcional, á intervención que ten que desenvolverse.

Para os efectos do que prevé o parágrafo anterior, considéranse valorizacións as achegas de terreos, locais, equipamentos, materiais e servizos por parte da poboación beneficiaria final, socios locais e outras entidades locais distintas das beneficiarias, así como tamén a man de obra das persoas beneficiarias finais directamente vinculadas á execución das actividades orzamentadas e que, en caso de terreos, locais ou equipamentos, vaian ser transferidas definitivamente cando acabe a execución, xunto co resto de bens adquiridos con cargo ao proxecto obxecto de axuda. Tamén poden valorarse os bens, persoal voluntario da contraparte ou socio local e os locais postos temporalmente a disposición da execución directa do proxecto, por un importe equivalente ao aluguer destes durante o tempo no que sexan utilizados dentro do prazo de execución.

As valorizacións acreditaranse cun certificado da contraparte ou socio local, da poboación beneficiaria final do proxecto ou da entidade que achegue os bens e servizos. Neste certificado, ou nun documento anexo, describirase e cuantificarase a achega, con indicación do número de unidades, horas de traballo, prezos unitarios (se corresponde) e a valoración total.

As valorizacións axustaranse aos prezos de mercado local e, no caso de equipamentos e bens, deben ter en conta a antigüidade.

6. No suposto de adquisición, construción, rehabilitación e mellora de bens inventariables, deberán quedar formalmente vinculados, durante dez anos os bens inscrites nun rexistro público e durante cinco anos o resto de bens, aos fins das actuacións realizadas. Unha vez rematen estas, deberán ser transferidos a unha administración pública do país beneficiario

*BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS DE COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO 2018*

ou a unha contraparte local ou ás persoas beneficiarias que se fagan responsables da súa utilización para o fin creado e do seu correcto mantemento. Tal cesión deberá documentarse a través de escritura pública.

7. Cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 15.000 euros, no suposto de subministración de bens de equipo ou prestación de servizos por empresas de consultoría ou asistencia técnica, a entidade beneficiaria deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención. A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación ou, se é o caso, na solicitude da subvención, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

8. No suposto dos bens inscrites nun rexistro público, deberase facer constar na escritura pública a circunstancia da afectación e o período polo que se afectan os bens, debendo ser obxecto estes extremos de inscrición no rexistro público correspondente. O Concello de Santiago de Compostela deberá autorizar previamente tal cesión. O incumprimento da devandita obriga de destino, que se producirá en todo caso co alleamento ou o gravame do ben, será causa de reintegro, nos termos establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 74 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da devandita Lei 9/2007, quedando o ben afecto ao pagamento do reintegro, calquera que sexa a persoa ou entidade posuidora, salvo que resulte ser unha terceira protexida pola fe pública rexistral ou se xustifique a adquisición dos bens con boa fe e xusto título ou en establecemento mercantil ou industrial, no caso de bens mobles non inscrites.

9. En ningún caso serán gastos subvencionables:

- Os elementos de transporte externos, a excepción dos vehículos de dúas rodas e vehículos especializados como ambulancias, cisternas de auga, tractores, etc.
- Os gastos de aluguer ou adquisición da vivenda do persoal expatriado.
- Os xuros debedores das contas bancarias.
- Os xuros, recargas e sancións administrativas e penais.
- Os gastos de procedementos xudiciais.
- As amortizacións de bens inventariables.
- Os gastos en atencións protocolarias (xantares, festas, recepcións, regalos, flores, entradas a espectáculos, etc.).
- Os billetes de avión en primeira ou en clase preferente.
- As liquidacións por despido do persoal.

#### **14. PRAZO DE REALIZACIÓN**

O proxecto deberá iniciarse dentro do ano natural correspondente á convocatoria de referencia e o prazo máximo de realización será ata o 15 de outubro de 2019.

#### **15. COMPATIBILIDADES**

As axudas aquí reguladas serán compatibles con calquera outra procedente doutras administracións públicas, organizacións internacionais, entidades privadas non lucrativas ou doazóns de particulares, sempre e cando a suma de todas as obtidas non supere o custo do proxecto subvencionado. A entidade beneficiaria obrígase a comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos. O Concello financiará ata un máximo do 95% do proxecto. O 5% do gasto total do proxecto presentado deberá ser financiado por terceiros (distintos ao Concello). O resto de achegas, distintas as do Concello de Santiago de Compostela, poden ser ao 100% valorizadas. No caso de existir sobrefinanciamento, a entidade beneficiaria deberá proceder ao reintegro da contía concedida polo Concello de Santiago na cantidade que exceda o custo da actividade.

#### **16.- MODIFICACIÓN DO CONTIDO DO PROXECTO**

Unha vez recaída a resolución de concesión, a entidade beneficiaria poderá solicitar a modificación do contido do proxecto sempre que responda a causas sobrevidas debidamente xustificadas e se cumpran de xeito acumulativo os seguintes requisitos:

- Non puideran terse en conta no momento da presentación deste.
- Respecten o seu contido esencial aínda que alteren a súa realización nalgún aspecto.
- Se presenten inmediatamente despois de producidas e coñecidas e, en todo caso, antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.

Será necesaria a autorización previa e expresa do concello para calquera modificación substancial do proxecto. Considerarase modificación substancial aquela que afecte aos obxectivos inicialmente ideados na formulación do proxecto, prazos de execución e/ou variación total das partidas orzamentarias de máis dun 20% do orzamento aprobado. Para solicitar unha modificación substancial será necesario solicitar por escrito ao Concello a través dun escrito debidamente motivado os cambios. O concello responderá nun prazo non superior a un mes.

#### **17.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN**

**BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS  
DE COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO 2018**

O prazo para a xustificación da subvención rematará o 30 de outubro de 2019, e as entidades beneficiarias deberán presentar a documentación que de seguido se detalla no Rexistro Xeral do Concello, nos seus rexistros auxiliares, ou en calquera dos lugares indicados no artigo 16.4 DA Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que revestirá a forma de rendición da conta xustificativa:

- a. Informe final de execución sobre obxectivos, actividades e resultados acadados polo proxecto, debidamente asinado polo/a representante legal da ONGD, xustificativo e detallado da realización da totalidade do proxecto ou actividade; deberá ter un contido amplo que permita a verificación da realización da totalidade da acción subvencionada. Dito informe deberá facer expresa mención das actividades realizadas, os resultados obtidos con estas, avaliación dos obxectivos acadados e estado actual do proxecto.

Deberá acompañarse e acreditarse con actas ou publicacións, reportaxes gráficos ou similares de xeral difusión (folletos, carteis, libros, vídeos, CD-ROM, etc.), que se editasen ou publicasen en relación coa acción subvencionada, ademais das correspondentes fontes de verificación.

- b. Memoria económica xustificativa do custo das accións desenvoltas, que deberá conter a certificación acreditativa da relación de todos os gastos e investimentos da actividade con identificación do/a acredor/a e do documento, o seu importe, data de emisión e de pagamento así como relación doutros ingresos e subvencións que financiara a actividade subvencionada con indicación do seu importe e procedencia. No caso de existir desviacións económicas entre o orzamento inicialmente presentado, orzamentado e avaliado e orzamento realmente executado, deberá achegar un informe das devanditas desviacións.
- c. Certificación acreditativa dos seguintes aspectos:

c1.- Relación de todos os gastos e investimentos realizados na actividade e/ou proxecto segundo o seguinte detalle:

<b>Núm. orde</b>	<b>Núm. factura</b>	<b>Data emisión</b>	<b>deConcepto</b>	<b>Acredor/a</b>	<b>Importe</b>	<b>Data pagamento</b>
<b>CUSTO TOTAL DO PROXECTO</b>						

c2.-Importe do orzamento presentado no seu día: €

c3.-Importe do orzamento realmente executado: €

- Si existe a desviación de € (1)
- NON existe desviación ningunha

(1) En caso afirmativo deberá achegarse informe xustificativo das desviacións.

d. Relación das facturas presentadas no Concello de Santiago para xustificar a subvención, segundo o seguinte detalle:

Núm. orde	Núm. factura	Data de emisión	Concepto	Acredor/a	Importe	Data pagamento

**IMPORTE TOTAL DAS FACTURAS DO PROXECTO PRESENTADAS NO CONCELLO DE SANTIAGO:**  
€

e. Facturas orixinais e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa incorporados deberán axustarse á normativa legal e fiscal vixente (Real Decreto 1496/2003, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento que regula as obrigas de facturación e se modifica o Regulamento do IVE, BOE de 29 de novembro de 2003) que se validarán e selarán cun selo existente para o efecto, no que conste que a factura ou documento se aplica á xustificación –na porcentaxe que corresponda en cada caso- da subvención concreta para a realización de proxectos de cooperación ao desenvolvemento– Exercicio económico 2018. Nos documentos de gasto nos que resulte imposible a impresión de tal selo-dilixencia, como consecuencia do seu tamaño, acompañaranse cunha relación dos mesmos en que se faga constar a mencionada dilixencia.

As facturas deberán conter un desglose dos artigos subministrados, servizos prestados incluíndo os prezos descompostos. No caso de facturas de máis de 2.500 euros deberán xustificarse a realización da transferencia bancaria. Con carácter excepcional, nos supostos debidamente xustificadas e motivados poderase aceptar a xustificación do pago en efectivo para importes inferiores a 1000 euros, acompañando xustificante do provedor, conforme establece o artigo 42.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia. Os criterios

***BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS  
DE COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO 2018***

establecidos para os xustificantes de gastos e de pagos deberán respectar as normas e especificidades dos países nos que se desenvolva o proxecto. Cando existan xustificantes redactados nun idioma estranxeiro distinto ao galego ou español deberán ser debidamente traducidos, indicando data, importe, concepto de gasto, persoa perceptora e provedora.

Tamén poderán utilizarse, como xustificantes de gasto, os recibos de caixa nos que conste o nome da entidade beneficiaria, importe, nome e apelido da persoa que presta o servizo, concepto do gasto e nome do proxecto subvencionado. Este recibo deberá ser asinado pola persoa que presta o servizo (vendedor/a, transportista, etc.). A utilización de recibos deberá ser, como criterio xeral, autorizada con carácter previo polo órgano concedente da subvención, podendo tamén ser validada con posterioridade polo mesmo sempre que este estime que a autorización se producise de terse solicitado con carácter previo. Poderán, así mesmo, utilizarse recibos de caixa en lugar de facturas, sexa cal sexa o seu importe ou a contía que representen sobre a subvención concedida e sen necesidade de autorización previa, sempre que na documentación xustificativa se inclúa acreditación de que as persoas perceptoras de tales pagamentos non están suxeitas á obriga de emitir factura no país no que se efectuou o gasto. A devandita acreditación deberá ser realizada por un organismo público competente.

As entidades beneficiarias deberán xustificar o gasto correspondente ao importe da subvención concedida polo Concello de Santiago, máis o 5% do gasto do orzamento presentado e avaliado no seu día. O Concello financiará ata un máximo do 95% do proxecto. O resto debe achegarse mediante financiamento de terceiros (distintos ao Concello). É dicir as axudas aquí reguladas serán compatibles con calquera outra procedente doutras administracións públicas, organizacións internacionais, entidades privadas non lucrativas ou doazóns de particulares, sempre e cando a suma de todas as obtidas non supere o custo do proxecto subvencionado. O resto de achegas, distintas as do Concello de Santiago de Compostela, poden ser ao 100% valorizadas.

Cando no proxecto concorran diversas subvencións e axudas procedentes doutras administracións, a entidade beneficiaria ten que xustificar ante o Concello o importe do gasto subvencionado, ademais das achegas propias e de terceiros financiadores que non sexan administración pública. Con respecto ao resto de achegas doutras administracións públicas, unicamente ten que acreditarse a aplicación dos fondos ás actividades previstas, para o cal é suficiente a acreditación mediante certificados que emitan o resto de administracións públicas que financiaron o proxecto ou actividade. As previsións que contén este punto non alteran as funcións que a lexislación vixente outorga á Intervención Xeral da Administración autonómica.

A entidade beneficiaria terá que conservar todos os comprobantes de gasto durante un período de 4 anos, dende a presentación da xustificación final do proxecto. Nestes

supostos, os xustificantes quedarán a disposición das actuacións e comprobación do Concello de Santiago de Compostela e dos órganos de control establecidos pola normativa vixente.

- f. Declaración responsable segundo modelo que figura no Anexo 4 destas bases acreditativa dos seguintes aspectos:
- As subvencións ou axudas recibidas para o mesmo proxecto desta ou doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras.
  - Que a realización da acción para a que se concede a subvención se efectuou nos termos establecidos no proxecto presentado, orzamentado e avaliado, no seu día.
  - Que esta entidade está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á Axencia Estatal da Administración Tributaria, delegación de Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia, Tesourería Territorial da Seguridade Social e Concello de Santiago, respectivamente.
  - Que as facturas que se presentan coa finalidade de xustificar o gasto:
    - Non foron nin serán presentadas –na porcentaxe subvencionada polo Concello de Santiago- como xustificación de ningunha outra subvención pública ou privada.
    - Non inclúen impostos indirectos susceptibles de recuperación ou compensación.
    - Conteñen gastos que xa foron aboados á persoa e/ou entidade debedora.
  - Se o proxecto non se levase a cabo ou se modificase substancialmente sen a autorización municipal ou non se xustificase na forma sinalada nestas bases, iníciase o expediente de anulación do compromiso así como o reintegro das contías percibidas. A esta contía haberá que engadirlle os xuros de demora que regulamentariamente procedan e que se liquidarán calculados dende a data de pagamento ata a de reintegro. A cantidade a reintegrar no caso de incumprimento parcial na execución das accións ou gastos e no caso de incumprimento parcial na xustificación será determinada, de acordo co criterio de proporcionalidade, polo volume e grao de incumprimento das condicións impostas con motivo da concesión da subvención.

***BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS DE COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO 2018***

- O incumprimento do estipulado nestas bases determinará a inhabilitación para a percepción de novas axudas e/ou subvencións durante o exercicio económico seguinte, sen prexuízo das accións legais pertinentes.
- En caso de producirse situacións ou fenómenos excepcionais e imprevisibles, como desastres naturais, enfrontamentos armados, crises humanitarias, actuacións retardatarias das autoridades locais ou outras continxencias análogas, que afecten de maneira directa a execución da actividade financiada ou subvencionada e que dificulten ou mesmo imposibiliten dispoñer da adecuada documentación xustificativa do investimento ou do gasto, en base ao previsto no artigo 28.9 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia, o órgano xestor poderá aceptar excepcionalmente outras formas alternativas de xustificación, como informes de taxadores independentes e debidamente acreditados e inscritos no correspondente rexistro oficial, declaracións de testemuñas, avaliación por resultados realizada por un verificador acreditado e independente, declaración responsable de provedores ou declaración responsable da entidade beneficiaria en que se detalle o destino dos fondos públicos percibidos e a realización da acción concreta, así como a súa afectación ao bo fin perseguido, ou outras probas de igual valor e credibilidade, sen que sexa preciso achegar máis xustificantes. Este procedemento extraordinario de xustificación económica levarase a cabo tras comunicalo ao órgano xestor e recibir a correspondente autorización.
- No suposto de adquisición de bens inmoables, debe achegarse certificado de taxador/a independente debidamente acreditado/a e inscrito/a no correspondente rexistro

**18.- PAGAMENTOS**

Con base na disposición adicional segunda da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e en atención á coherencia co obxecto e finalidade das subvencións, realizaranse pagamentos anticipados do 100 % e sen necesidade de esixir garantía. Para o pagamento do anticipo da subvención, as entidades beneficiarias deberán presentar a seguinte documentación:

- a) Solicitude do pagamento do anticipo da subvención concedida, asinada pola representante legal da entidade.
- b) Declaración responsable do representante legal da entidade (no caso de agrupación de entidade, de cada unha delas), complementaria e actualizada, doutras axudas solicitadas, pendentes de resolución, outorgadas ou recibidas para o proxecto subvencionado segundo o modelo que figura como anexo II.

c) Compromiso específico de cesión dos bens mobles ou inmobles, que resulten da execución do proxecto subvencionado, ás persoas beneficiarias ou socio local, no seu caso.

d) Certificado de datos bancarios da entidade beneficiaria. Na conta asignada ao proxecto terá o seu destino todos os pagamentos que se realicen con cargo ao cofinanciamento da concellaría competente en materia de cooperación para o desenvolvemento. Os comprobantes destes ingresos e gastos estarán a disposición do centro directivo competente en materia de cooperación para o desenvolvemento.

e) declaración de non estar incurso nos supostos previstos nos apartados 3 e 4 do artigo 34 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

No entanto, as entidades beneficiarias deberán acreditar, coa solicitude de pagamento, de acordo co establecido no artigo 60.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que se atopan ao corrente das obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa facenda autonómica. Conforme co establecido no artigo 20.3 desta mesma lei, as entidades beneficiarias autorizan ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir as mencionadas institucións.

## **19.- DATA LÍMITE PARA XUSTIFICAR**

A data límite para xustificar a totalidade da subvención concedida será a do 15 de outubro do exercicio económico de 2019. Transcorrido este prazo, pódense dar dous supostos:

a) Que a entidade beneficiaria presente a xustificación, pero que esta, a xuízo da oficina xestora non reúna os requisitos esixidos. Desta circunstancia daráselle coñecemento á entidade beneficiaria e concederáselle un prazo de **15 días hábiles** para a súa emenda, rectificación ou o que proceda no suposto concreto.

b) Que a entidade beneficiaria non presente a xustificación. Neste suposto requiriráselle para que, no prazo improrrogable de 15 días hábiles, presente a dita xustificación conforme o establecido no artigo 70.3 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá a entidade beneficiaria da imposición das sancións que correspondan.

## **20.- OBRIGAS DAS ENTIDADES BENEFICIARIAS**

***BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS  
DE COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO 2018***

Serán obrigas das entidades beneficiarias as sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e as do artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

A maiores, as entidades beneficiarias estarán obrigadas ao cumprimento do seguinte:

- Non modificar a programación das actividades que se subvencionan sen coñecemento e autorización expresa do Concello de Santiago.
- Facer constar, de xeito claro, na publicidade, difusión, publicacións, etc., que as actividades están subvencionadas polo Concello de Santiago. Para estes efectos, engadirase o logotipo do Concello de Santiago en carteis, dípticos, folletos e calquera tipo de actividade de difusión ou publicidade.
- Comunicarlle ao Concello de Santiago calquera eventualidade que altere ou dificulte o desenvolvemento do proxecto subvencionado.

**21.- INCUMPRIMENTO, REINTEGROS E SANCÍONS**

O incumprimento das obrigas contidas nestas bases reguladoras ou na demais normativa de aplicación, así como das condicións que, no seu caso, se establezan no acordo de concesión, e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas por outras administracións ou entes públicos ou privados, dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención, au á devolución total ou parcial das subvencións concedidas, así como os xuros de demora correspondentes.

Para facer efectiva dita devolución, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, de conformidade co previsto no capítulo II, do título III do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003 e nas Bases de execución do orzamento do exercicio de 2018.

Ás entidades beneficiarias das subvencións reguladas nestas bases seranlles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e demais normativa aplicable.

**22.- SEGUIMENTO, CONTROL E INSPECCIÓN**

O Concello de Santiago, polos medios que estime oportunos e conforme á lexislación vixente en materia de subvencións, comprobará a realización das actividades e o cumprimento dos requisitos e condicións baixo os cales se concedeu a axuda.

### **23.- RÉXIME DE RECURSOS**

As resolucións expresas ou presuntas recaídas en aplicación do disposto nestas bases reguladoras esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer os seguintes recursos:

- a) Potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da correspondente notificación, ou de tres meses, contados a partir do día seguinte a aquel en que se produzan os efectos do silencio, segundo os casos, de conformidade co establecido nos artigos 112,123 e 124 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- b) Directamente recursos contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo no prazo de 2 meses contados a partir do día seguinte ao da correspondente notificación, ou no prazo de seis meses, contados a partir do día seguinte a aquel no que se producise o acto presunto.

### **24.- TRANSPARENCIA E BO GOBERNO (AÑADIDO)**

De CONFORMIDADE CO ARTTIGO 17 DA Lei 1/2016 do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia, o Concello de Santiago publicará na súa páxina web oficial a relación das entidades beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluirá igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puideran impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude le implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das entidades beneficiarias e a referida publicidade.

Por outra banda e de conformidade co previsto nos artigos 17.3b) e 20.8 a) da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase á Base de datos nacional de subvencións (BDNS) a información requirida por esta, e o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no BOP.